

# 1

ROSALÍA DE CASTRO

AS ORIXES

BAIXO OS CEOS DE ORTOÑO E PADRÓN

UN AMBIENTE PROPICIO PARA O CRECIMENTO INTELCTUAL


# ROSALÍA DE CASTRO

# 24 | 02 | 1837

Casa natal de Rosalía

## Ego te baptizo

Partida de nacemento



Rosalía de Castro naceu na madrugada do 24 de febreiro de 1837 en Santiago de Compostela. É bautizada na capela do Hospital Real co nome de María Rosalía Rita de Castro e na súa partida de nacemento figura que era filla de "pais incógnitos". A presenza de

María Francisca Martínez, -madríña na cerimonia enviada pola familia paterna-, evitou que Rosalía ingresase na inclusa.

## in nomine Patris, et Filii, et Spiritus Sancti



Retrato de Rosalía de Castro, de Modesto Brocos

*"Nasín cando as prantas nasen,  
No mes das froles nasín,  
Nunha alborada mainiña,  
Nunha alborada de abril.  
Por eso me chaman Rosa,  
Mais a do triste sorrir,  
Con espiñas para todos,  
Sin ningunha para ti.  
Desde que quixen, ingrato,  
Todo acabou para min,  
Que eras ti para min todo,  
Miña gloria e meu vivir.*

*¿De que, pois, te queixas, Mauro?*

*¿De que, pois, te queixas, di,  
Cando sabes que morrera  
Por te contemplar felís?  
Duro cravo me encravaches  
Con ese teu maldesir,  
Con ese teu pedir tolo  
Que non sei que quer de min,  
Pois dinche canto dar puden  
Avariciosa de ti  
O meu corazón che mando  
Cunha chave par' o abrir  
Nin eu teño máis que darche  
Nin ti máis que me pedir.*

Poema de Cantares gallegos.

Fachada do Hostal dos Reis Católicos (antigo Hospital Real) onde foi bautizada Rosalía



Rosalía de Castro

# 2


ROSALÍA DE CASTRO

AS ORIXES

BAIXO OS CEOS DE  
ORTONO E PADRÓN


UN AMBIENTE PROPICIO  
PARA O CRECEMENTO  
INTELLECTUAL

# AS ORIXES



Era filla do sacerdote don Xosé Martínez Vioxo (1798-1871) e da fidalga dona María Teresa da Cruz de Castro e Abadía (1804-1862). A súa nai eríxese como unha figura fundamental na súa infancia, determinante na súa educación e central ao longo de toda a súa existencia. O falecemento de dona Teresa é o motivo do poemario "A mi madre" (1863).

Cemiterio de Adina (Padrón)



## árbore xenealóxica de Rosalía de Castro

"A mi madre" (1863)

### A MI MADRE

Rosalía  
de Castro



PATRONATO ROSALIA DE CASTRO

*"Nunca permita Dios que yo te olvide,  
Mi santa, mi amorosa compañera:  
Nunca permita Dios que yo te olvide  
Aunque por tanto recordarte muera!"*

*Venga hacia mi tu imagen tan amada  
Y hableme al alma en su lenguaje mudo  
Ya en la serena noche y reposada,  
Ya en la que es parto del invierno crudo.*

*Y que en tu aislado apartamiento fiero,  
Tan ajeno del hombre y su locura,  
Velen, mi llanto y mi dolor primero,  
Al lado de tu humilde sepultura"*

"A mi madre" (1863). Fragmento.

Cemiterio de Adina, onde se atopa o sepulcro  
de don Xosé Martínez Vioxo, en Padrón



# BAIXO OS CEOS DE ORTOÑO E PADRÓN



Casa de Castro de Ortoño na actualidade

Os seus primeiros anos de vida transcorren en Castro de Ortoño, ao coidado das tías paternas. Cando conta só cinco anos de idade, dona Teresa de Castro faise cargo dela.

*Aquelas risas sin fin,  
Aquel brincar sin dolor,  
Aquela louca alegría,  
¿Por que acabon?*

*Aqueles doces cantares,  
Aquelas falas de amor,  
Aquelas noites serenas,  
¿Por que non son?*

*Aquel vibrar sonoro  
Das cordas da arpa i-os sons  
Da guitarra malencónica  
¿Quen os levou?*

*Todo é silencio mudo,  
Sóida, dolor,  
Onde outro tempo a dicha  
Sola reinou..."*

Fragmento de  
"¡Padrón!... ¡Padrón!",  
en Follas Novas (1880)

O estado de saúde de Rosalía foi decote fraco, levada desde cativa a "poñerlle o santo". Porén, non foi unha muller nacida para chorar, xa que o seu carácter propendía para a alegría, cun excepcional sentido do humor.


Retrato a lápis de Rosalía, realizado pola súa filla Alexandra




Casa da Matanza (Padrón)



Lugar onde Rosalía adoitaba escribir (Lestrove)



# UN AMBIENTE PROPICIO PARA O CRECEMENTO INTELLECTUAL



Torres de Lestrove (concello de Dodro)

Nunha familia con antepasados ilustres, resulta natural a existencia de bibliotecas ben surtidas, como debeu de ser a existente na casa grande de Arretén.

Fascinada pola figura do seu avó materno, Rosalía de Castro le incansabelmente e compón os seus primeiros versos.

“Esta vida de dor comezou axiña para ela, porque física e intelctualmente a súa precocidade foi grande. Contaba apenas once primaveras cando compuxo os seus primeiros versos e tivo de mudar o seu traxe de nena polo da muller. Con el íanse as alegrías da infancia e chegaban os primeiros coidados, aqueles que asaltan as mozas tan axiña se arriscan nos sendeiros do mundo. ¡E que amargos e tristes para os que, tocando apenas nos límites da mocidade, teñen xa de loitar coa tristísima realidade!”



Manuel Murguía,  
*Los precursores*  
(1885)



Casa grande de Arretén (séc. XVI),  
aos pés do Miranda

A escritora británica Jane Austen (1775-1817). Ao igual que Rosalía, tanto o autodidactismo como o acceso ás bibliotecas familiares foron determinantes na súa formación.



Acuarela da autoria de Ovidio Murguía, cuxa efíxie parece estar inspirada en Rosalía.

